



Como consecuencia do aumento de casos COVID en Galicia, actualizamos e informamos das normas aprobadas polo equipo COVID do IES Monte da Vila para evitar contaxios:

NORMAS DE SEGURIDADE E HIXIENE:

- Xel hidroalcohólico: ao entrar no instituto (ou aula), ao saír ao recreo, ao voltar á aula e ao marchar para casa.
- Distancia de seguridade sempre de 1,5 metros mínimo.
- Máscara que cubra a boca e o nariz, ben axustada.
- Non compartir material, tampouco pode haber contacto persoal (tocarse).
- O alumnado non pode manipular o equipamento das aulas.

Desprazamentos polo centro: sempre pola dereita, mantendo as distancias, en filas de un en un, sen correr.

Saídas (recreo e última hora): non podemos esperar a compañeiros nos corredores nin correr. Sempre teñen preferencia os cursos máis baixos.

Recreo (Patio e resto de centro): o alumnado debe permanecer no exterior do edificio (zonas 1, 2 e 3) e, como máximo en grupos de 3 persoas, no caso de grupos superiores, abrírase unha “conduta contraria ás normas de convivencia” a cada un dos integrantes do grupo. O interior do edificio só será zona de tránsito (para ir á cafetería ou aos aseos), salvo nos casos de chuvia.

Casos de chuvia: o alumnado de 1º e 2º ESO ocupará a zona do patio cuberto e o resto de alumnado poderá estar no interior do centro na planta baixa e soto.

Comidas/bebidas:

- O alumnado deberá comer no exterior do edificio e, para manter a máscara baixada (durante o tempo mínimo imprescindible, parada e fóra dos lugares de circulación) deberá gardar un mínimo de 2 metros de distancia con calquera compañeiro/a.
- O alumnado non pode compartir comida.
- Caso de chuvia (durante os 15 minutos de recreo fóra da aula): o alumnado de 3º e 4º ESO, FP Básica, bacharelato e ciclo SMR poderá comer no interior do edificio (nunca na aula) pero sempre mantendo a distancia mínima de 1,5 metros e só poderá baixar a máscara para morder (non se pode ter baixada de forma permanente).

Estaremos especialmente atentos ao cumprimento destas medidas, no caso de incumprimento, abrírase unha “Conduta contraria ás normas de convivencia”

ALUMNADO DE BACHARELATO, CICLO SMR E ALUMNADO MAIOR DE IDADE (Saídas do centro nos recreos – Sempre que a normativa o permita)

Os grupos serán dun máximo de 2 ou 3 persoas, cada grupo debe distanciarse nun mínimo de 1,5 metros. A área na que poderá estar o alumnado será a que vai dende o espazo cuberto ao lado da entrada ata a zona delimitada polo xardín do exterior do instituto.

No caso de que algún alumno/a saia a fumar, deberá gardar unha distancia mínima de 2 metros e fóra dos lugares habituais de circulación dos viandantes.

O alumnado maior de idade ten que cumprir igualmente estas medidas.

O Grove, 27 de xaneiro de 2021

O EQUIPO COVID